



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > [Blogs](#) > [blogue de admin1](#) > Vila Real: unha viaxe que nos uniu máis aló do Miño

## Vila Real: unha viaxe que nos uniu máis aló do Miño

Enviado por [admin1](#) [1] o Lun, 06/09/2025 - 10:49

[Curso 24\\_25](#) [2]

Este abril, o alumnado de 6ºB do CEIP López Ferreiro cruzou as fronteiras nunha aventura única en Vila Real (Portugal), grazas ao proxecto “Vivir nos municipios do Eixo Atlántico”.

Durante dous días compartiron risas, aprendizaxes e descubrimentos cos/coas novos/as amigos e amigas do Grupo de Escolas Morgado Mateus. Participaron en xogos populares, obradoiros, dinámicas de grupo, e ata nunha exhibición de proxectos escolares que os/as deixaron abraiados/as pola súa creatividade.

Exploraron a natureza nas pasarelas do río Corgo, pasearon pola Vila Velha, mergulláronse na historia e ata foron recibidos/as polo alcalde no Salón Nobre do Concello. E como colofón... visitaron a primeira central hidroeléctrica do país cunhas vistas de película, gozaron do Centro de Ciencia e dos crebacabezas máis grandes de Europa.

Regresaron a Santiago cun feixe de emocións e coa certeza de que este intercambio sementou a amizade, a curiosidade e a cultura.

Agora, con moita ilusión, agardamos a súa visita para devolverlles todo o que nos fixeron sentir.

Porque ás veces, aprender é viaxar... e vivir xuntos!



Feito con **Drupal** (ver. 6.28)



Proxecto **Webs dinámicas**

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/676>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>